



## NOTIFICACIÓN

Expediente	2015026116	Subvención
Asunto	SUBVENCIÓNS A CLUBS E ENTIDADES DE DEPORTIVAS DE BASE. ORZAMENTO 2015 / Fomento e promoción en xeral da Educación Física e do Deporte da nosa cidade.	

O concelleiro delegado titular da Área de Cultura, Ensino, Deportes e Turismo aprobou o día 30 de decembro de 2015, a seguinte resolución:

“Examinouse o informe proposta elaborado polo Negociado con data 30 de decembro de 2015 e que literalmente di :

“

**Informe proposta para a adxudicación das subvencións para o Fomento e promoción en xeral da Educación Física e do Deporte da nosa cidade, en réxime de concorrencia competitiva.**

### PRIMEIRO:

Por acordo plenario do 23/11/2015 apróbanse as bases que rexerán a convocatoria da subvención por concorrencia competitiva a clubs e entidades de base con cargo ao orzamento municipal 2015. As citadas bases publícanse no BOP nº 226 do 25/11/2015.

Tal e como se establece no punto 4 das bases, “(...)O prazo de presentación de solicitudes será de **10 días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.”. O dito prazo finaliza o 7/12/2015.

Á vista do anterior fanse constar as seguintes incidencias:

1.- Recíbense **40 solicitudes** dentro do prazo de presentación. Revisada a documentación presentada requírese a subsanación da documentación incompleta concedendo a tal efecto 10 días naturais, ao abeiro do punto 5 das bases da convocatoria

“(...) Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma de convocatoria, a Concellería de deportes requirirá ao interesado para que a subsane no prazo máximo e improrrogable de **10 días naturais** coa indicación de que se así non o fixera, se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime

*xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.”*

Transcorrido o prazo de subsanación, compróbase que **unha entidade non subsana** a documentación requirida no prazo establecido:

- O Club Ren Bu Kan . Consta a recepción do requerimento o 15/12/2015 (data límite de subsanación o 28/12/2015). Á data de redacción deste informe non consta a presentación de documentación algunha.

Considérase que a documentación da que adolecen a instancia impide a consideración desta entidade como beneficiaria da subvención así como a valoración da súa solicitude.

Con data 30/12/2015 e RE nº 73.923 o club Arco Ferrol comunica a súa **renuncia** a participar na convocatoria de subvencións. Á vista do anterior non é obxecto de valoración.

convocatoria de subvencións. Á vista do anterior non é obxecto de valoración.

No canto do resto das solicitudes (38) procédese á avaliación dos baremos de carácter técnico presentados e da documentación acreditativa dos datos declarados (punto 7 das bases).

Quedan pendente para a súa valoración no seo da Comisión o apartado p) e o apartado r) do baremo.

2.- Preséntase 3 solicitudes fora de prazo de presentación. O Club Nación Ferrol con data 09/12/2015 e RE nº 70150; o Club Ximnaisa Ferrolterra con data 9/12/2015 e nº RE 70.558 e a Agrupación Deportiva Compañía de María con data 10/12/2015 e nº RE 70340.

Tendo en conta que o prazo der presentación de solicitudes finalizou o 7/12/2015, a documentación presentada non foi tida en conta para a súa valoración por entender que foi presentada fóra de prazo.

**Con data 30/12/2015** se reúne a Comisión Avaliadora e propón por unanimidade non outorgar puntos a ningunha entidade deportiva relativos o apartado p) e o apartado r) do baremo.

Debido a que dúas entidades deportivas sobrepasan a cantidade máxima da que poden ser beneficiarias establecida nas bases da convocatoria no seu punto 3 e que textualmente di: “ (...) **O importe da subvención en ningún caso poderá superar o 40% do balance do club ou entidade deportiva, que en todo caso deberá ser correctamente xustificado (...)** ; procedese o recálculo da cuantía da subvención para cada unha das entidades deportivas concurrentes. *Anexo II*

A continuación a Comisión propón por unanimidade as seguintes actuacións:

- 1.- Aprobar do cadro- resumo (táboa que se xunta a este acta) da valoración das 38 entidades deportivas (anexo II )



## SEGUNDO:

Serán gastos subvencionables aqueles que deriven do funcionamento ordinario das entidades como suministros de enerxía, fichas federativas, seguros, material de oficina non inventariable, equipamentos deportivos non inventariables, equipacións...

Non serán gastos subvencionables os gastos derivados de adquisicións de material inventariable (ordenadores, vehículos, mobilidario de oficina e outros gastos que teñan unha duración superior a un ano.

Por todo o anterior, **proponse**

Adxudicar as seguintes subvencións resultantes do procedemento en réxime de concorrencia:

- Adxudicatarios:

Nome	NIF/CIF	Importe subvención concedida
SOCIEDAD RECREATIVA Y DEPORTIVA ESTEIRO, S.D.	G15325996	1.216,04 e
CLUB O PARRULO FERROL, FS	G15302136	4.640,45 e
S R D CANIDO	G15119522	762,12 e
CLUB RACING SAN PEDRO	G15323272	2.914,77 e
CLUB ESCUELA DE FUTBOL ENSANCHE A	G70338462	578,3 e
S D R C PORTUARIOS	G15116650	3.448,26 e
SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA RECREATIVA ANIMAS	G15305998	2.107,91 e
ESCUELA DE FUTBOL R. FERROL	G70075395	3.326,82 e
MANDIA C.F.	G15345267	743,08 e
CLUB GALICIA DE CARANZA S.C.D.R.	G15158215	10.049,52 e
CLUB BALONCESTO MERCEDARIAS	G15540339	7.347,47 e
CLUB DEPORTIVO RECIMIL	G15628894	2.766 e
CLUB UNIVERSITARIO DE FERROL	G15659261	6.255,74 e
CLUB TIRSO DE MOLINA	G15310287	2.404,26 e
CLUB BALONCESTO IRMANDIÑOS	G70264007	1.597,32 e
FERROL CLUB BALONCESTO (FERROL CB)	G70209416	3.180,13 e

BASKET SCHOOL FERROL	G70307103	1.922,35 e
ESCOLA FERROLA DE XADREZ	G15721962	1.561,25 e
CIRCULO FERROLANO DE AJEDREZ	G15153976	5.515,31 e
CLUB FERROL TENIS DE MESA	G15154990	1.195,5 e
CLUB SAN XOAN TENIS DE MESA	G70214689	3.338,41 e
CLUB DEPORTIVO ESQUIO	G15238678	2.391,05 e
CLUB PATINAXE ARTISTICA BUXAINA FERROL	G70078324	782,76 e
CLUB PATINAXE ARTISTICO RAIOLA	G15535925	317,74 e
C.D. VAGALUME	G15119688	790,75 e
CLUB TRIATLON FERROL	V70087192	3.827,6 e
CENTRO DE ACTIVIDADES SUBACUATICAS GOLFÍÑO	G37023512	220,1 e
A. ROIBA	G15054067	475,2 e
Club Esmelle	G15322738	1.339,31 e
CLUB DE ATLETISMO RIA FERROL	G15203219	5.418,44 e
CLUB BUNKAI SPORT	G15576614	1.273,73 e
CLUB RUGBY FERROL	G70176227	2.185,42 e
CLUB PIRAGUISMO COPACABANA	G15321854	2.418,9 e
CM HOCKEY FERROL	G70306022	3.305,59 e
AGRUPACIÓN DEPORTIVA DE MINUSVALIDOS	G15124449	783,59 e
ASOCIACION PRIORIÑO	G15939168	1.057,79 e
ASOC. DE PADRES Y AMIGOS DE NADADORES CLUB MARINA	G15250244	6.360,19 e
A.C.R.D. GRUPO BAZAN	G15277957	10.180,83 e

**TOTAL ..... 110.000 €**

- Obxecto da subvención: **Fomento e promoción en xeral da Educación Física e do Deporte da nosa cidade.**
- Importe: **110.000**
- Partida: **05004 3411 48000 - RC 215100880 REF. 433**
- Outras características: **A documentación xustificativa deberá ser presentada no Rexistro Xeral do Concello con data máxima 31 de marzo de 2016.**



Comunicollo para o seu coñecemento e para os efectos. Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra esta poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición perante o órgano que ditou a resolución dentro do prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14/01/1999), sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ferrol, dentro do prazo de dous meses contados a partir do seguinte ó da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 45 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (BOE do 14/01/1998).

Ferrol, **30 DEC. 2015**

O Secretario Xeral

